



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Rocío Hermida Cancela, SECRETARIA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS, A CORUÑA

**CERTIFICO:** Que o pleno do Concello de Camariñas, en sesión Extraordinaria, de data venres 27 de outubro de 2023, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

**“1º.- PROPOSTA DE ACORDO relativa a fixación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación. EXPTE TEDEC: 2023/X999/000275.”**

Considerando o seguinte Ditame da comisión informativa de Asuntos Xerais:

**“DITAME**

**Co seguinte desglose de votacións:**

**Votos a favor:**

**0 GRUPO MIXTO - BNG  
4 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA  
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

**Votos en contra:**

**0 GRUPO MIXTO - BNG  
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA  
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

**Abstenciones:**

**1 GRUPO MIXTO - BNG  
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA  
2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

**A Comisión Informativa de Asuntos Xerais acordou a emisión do seguinte ditame:**

**PROPOSTA DE ACORDO**

**FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN.**

EXPTE TEDEC: 2023/X999/000275

O Pleno do Concello de Camariñas, en sesión extraordinaria de data 26 de xuño de 2023, acordou a fixación da periodicidade das sesións plenarias.

Considerando que para un funcionamento eficaz dos servizos municipais faise necesario modificar a convocatoria das sesións ordinarias do Pleno.

Visto o establecido nos art. 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, os arts. 210 e ss da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia art. 46 e ss do RD Lex 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións vixentes en materia de Réxime Local e os art. 38 e 77 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

Proponse a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.** Establecer que o Pleno celebre sesión ordinaria, con carácter bimestral, o último venres de cada mes impar do ano, ás vinte horas (20:00 horas), no salón de sesións da Casa do Concello.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

Facultar o Señor/a Alcalde/sa para modificar a celebración do Pleno Ordinario, adiantando ou atrasando a celebración das sesións ordinarias do Pleno, cando elo non menoscabe a xestión dos asuntos municipais, motivado porque o día fixado sexa festivo ou inhábil, ou se estime necesario por motivos debidamente xustificadas, sempre debendo avisar o resto dos concelleiros do cambio verbalmente ou por escrito e dos motivos que levan a elo, podendo variarse neste caso a hora e o día da convocatoria, respectando dentro do mes que corresponda a referida sesión ordinaria.

**Segundo.** Derrogar o anterior acordo en todo o que contradiga ao presente."

Intervén a Sra alcaldesa e procede a lectura íntegra da parte resolutiva da proposta e engade que é para respectar que a Secretaria acumulada ten plenos no seu concello a mesma hora. A Sra Mouzo Mas di que si se cambia que sexa coa antelación suficiente e co consenso dos voceiros.

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

**Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame da comisión de Asuntos Xerais."

**E para que así conste expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente e en cumprimento do establecido no art. 206 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, advirto que a acta que o contén non foi aprobada a día de hoxe, facéndose a certificación a reserva dos termos que resulten da aprobación da mesma, en Camariñas asinado dixitalmente na data que figura na marxe.**

**Vº e Praxe,  
acumulada,  
A alcaldesa,**

**A secretaria**

**Asd.: Sandra Insua Rial**

**Asd.: Rocío Hermida Cancela**